

## Confianza empresarial. Cuarto trimestre de 2008

### NOTA DE PRENSA

#### No cuarto trimestre de 2008 o índice de confianza empresarial diminúe 7,4 puntos con respecto ao trimestre anterior

Os datos do cuarto trimestre de 2008 da estatística “Confianza empresarial”, elaborada polo Instituto Galego de Estatística, reflicten que o índice xeral<sup>1</sup> diminúe en 7,4 puntos con respecto ao trimestre anterior, pasando de -41,0 a -48,4.

Por sectores, todos presentan unha diminución do valor con respecto ao trimestre anterior. O indicador no comercio polo miúdo presenta a tendencia máis desfavorable cunha caída de 8,4 puntos, mentres que no resto dos servizos se reduce 8,0 puntos. Na construción e na industria o índice presenta unha caída de 7,9 e 4,7 puntos, respectivamente.

#### ÍNDICE GALEGO DE CONFIANZA EMPRESARIAL (IGACE). CUARTO TRIMESTRE 2008

	VALOR DO ÍNDICE	Variación intertrimestral absoluta
<b>TOTAL</b>	<b>-48,4</b>	<b>-7,4</b>
<b>Industria</b>	<b>-41,3</b>	<b>-4,7</b>
<b>Construción</b>	<b>-46,2</b>	<b>-7,9</b>
<b>Comercio polo miúdo</b>	<b>-41,4</b>	<b>-8,4</b>
<b>Resto de servizos</b>	<b>-51,8</b>	<b>-8,0</b>

Fonte: IGE. Confianza empresarial

Nota: Datos provisionais

Pódese consultar a metodoloxía da estatística en:

[http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_confianza\\_empresarial\\_gl.pdf](http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_confianza_empresarial_gl.pdf)

#### Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complejo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

<sup>1</sup> O indicador de confianza empresarial varía de -100 a 100, sendo o valor 0 o punto neutral; valores positivos do indicador indican optimismo e valores negativos indican pesimismo por parte dos empresarios